



(F_PPU_35)

PREZO PÚBLICO POLO PROGRAMA CONCILIACIÓN DA
VIDA PERSOAL, FAMILIAR E LABORAL

HISTORIAL DE CAMBIOS

FECHA	Órgano	Actuación	PUBLICACIÓN		
			Boletín	Nº	Fecha
22/09/2008	Xunta de Goberno	Aprobación	BOP	229	03/10/2008
24/09/2009	Xunta de Goberno	Aprobación	BOP	227	02/10/2009
24/06/2010	Xunta de Goberno	Aprobación	BOP	142	24/06/2010
13/10/2010	Xunta de Goberno	Aprobación	BOP	242	21/10/2010

SIMBOLOXÍA



No seu caso, as modificacións puntuais do texto da ordenanza sinalaránse con esta icona.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona foron modificados respecto da anterior versión da ordenanza.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona atópanse en revisión.



Facendo clic nesta icona, dispoñible ao pé de cada páxina desta ordenanza, volve ao INDICE do documento



✉ informatica@concellodemonforte.com 🌐 www.monfortedelemos.es 🌐 <https://sede.monfortedelemos.es>
Comuníquenos calquera incidencia que observe neste documento

INDICE

ARTIGO -1- OBXECTO	3
ARTIGO -2- OBRIGADOS/AS AO PAGO	3
ARTIGO -3- OBRIGACIÓN DE PAGO	3
ARTIGO -4- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS	3
ARTIGO -5- XESTIÓN	4
ARTIGO -6- DISPOSICIÓN ADICIONAL	4

ARTIGO -1- OBXECTO

Ao amparo do artigo 47 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 9 da Ordenanza Xeral de Prezos Públicos, O Concello de Monforte de Lemos, establece o prezo público pola prestación do servizo das actividades programa conciliación vida persoal, familiar e laboral

ARTIGO -2- OBRIGADOS/AS AO PAGO

Están obrigados/as ao pago deste prezo público as persoas físicas ou xurídicas que soliciten a prestación do servizo para os/as nenos/nenas beneficiarios/as do mesmo, sempre que estes/as últimos/as estean matriculados/as nun CEIP público de Monforte (Colexio Novo ou Gándara)

ARTIGO -3- OBRIGACIÓN DE PAGO

A obriga de pago nace coa prestación do servizo

ARTIGO -4- EXENCÍONS E BONIFICACIÓNS

Aplicarase a ...	Precio x neno-a / mes	
	Mes completo	Mes especial
A) Aplicarase aos usuarios cunha renda dispoñible da unidade familiar comprendida entre o 101% e o 150% do IPREM		
Horario de 8:00 a 10:00 horas	45,50 €	35,00 €
Horario de 17:00 a 20:00 horas	70,00 €	52,50 €
Horario de 8:00 a 10:00 + 17:00 a 20:00 horas	115,50 €	87,50 €
B) Aplicarase aos usuarios cunha renda dispoñible da unidade familiar comprendida entre o 76% e o 100% do IPREM		
Horario de 8:00 a 10:00 horas	32,50 €	25,00 €
Horario de 17:00 a 20:00 horas	50,00 €	37,50 €
Horario de 8:00 a 10:00 + 17:00 a 20:00 horas	82,50 €	62,50 €
C) Aplicarase aos usuarios cunha renda dispoñible da unidade familiar comprendida entre o 75% e o 50% do IPREM		
Horario de 8:00 a 10:00 horas	19,50 €	15,00 €
Horario de 17:00 a 20:00 horas	30,00 €	22,50 €
Horario de 8:00 a 10:00 + 17:00 a 20:00 horas	49,50 €	37,50 €

A estes efectos considerase renda neta dispoñible da unidade familiar o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir por 12 a suma dos ingresos totais da unidade.

Ten a consideración de ingresos a suma da base imponible xeral máis a base imponible de aforro do imposto sobre as rendas das persoas físicas da última declaración vixente no IRPF. Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impositivas as que se fai referencia obteranse como resultado de aplicar aos datos existentes na administración os criterios da lexislación do IRPF.

A estes efectos considerase unidade familiar a formada polos pais e nais e fillos/as menores de 18 anos ou fillos/as maiores de 18 anos cunha minusvalía igual ou superior ao 33%.

D) Sobre os prezos establecidos no artigo 4, ou bonificados no caso da procedencia da aplicación do parágrafo precedente, aplicarase a seguinte bonificación:

- a) Nenos/as pertencentes a unha familia numerosa 10%
- b) Matriculación de varios irmáns ao programa 10%

Xustificarase a pertenza a unha familia numerosa mediante achega dunha copia do título de familia numerosa expedido polo órgano competente.

E) As cantidades resultantes de aplicar os criterios establecidos nos apartados anteriores non poderán ser inferiores aos 15,00 €.

ARTIGO -5- XESTIÓN

O pago liquidarase polo Concello unha vez formalizada a inscrición, mediante padrón de carácter mensual, sendo obrigatoria a domiciliación bancaria. Non procederá o prorrateo das cotas, no caso das altas que non coincidan co primeiro día do mes, nin das baixas que non coincidan co último día do mes.

ARTIGO -6- DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo aquilo no previsto neste prezo estarase ao previsto no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e a Ordenanza Xeral de Prezos Públicos.


O presente prezo, aprobouse por Xunta de Goberno Local do día 22 de setembro de 2008 e publicado no BOP de Lugo núm. 229 de 3 de outubro de 2008.

Modificado por Xunta de Goberno Local do día 24 de setembro de 2009 e publicado no BOP de Lugo núm. 227 de 2 de outubro de 2009.

Modificado pola Xunta de Goberno Local do día 24 de xuño de 2010 e publicada no BOP número 142 de 24 de xuño de 2010.

Modificado pola Xunta de Goberno Local do día 13 de outubro de 2010 e publicada no BOP número 242 de 21 de outubro de 2010.

Monforte de Lemos, febreiro de 2016



O Alcalde, José Tomé Roca